

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DAS LISTAS PREVIAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE INFORMADORES/AS TURÍSTICOS/AS DE TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRIMEIRA.– Contido e ámbito de aplicación.

Estas Bases teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo, por concurso, para a elaboración de listas previas, que serán as que rexan para a contratación temporal de persoal laboral para reforzo de información turística, cobertura de baixas e vacacións do persoal de información turística.

A categoría profesional é a que se describe a continuación:

DENOMINACIÓN	Sistema de provisión	Tipo	Grupo Profesional
Informador/a Turístico/a	Concurso	Temporal	II

SEGUNDA.– Normas xerais.

1.- A presente convocatoria rexerese polo previsto nestas Bases e, en defecto de norma aplicable, estarase ao establecido no Estatuto dos Traballadores, nos preceptos do Estatuto Básico do Empregado Público que se refiran ao persoal laboral e demais normas concordantes.

2.- De conformidade co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os facilitados por quen concorra á presente convocatoria serán tratados por Información e Comunicación Local, S.A. coa finalidade de xestionar o proceso de selección, finalidade baseada principalmente na necesidade de dar cumprimento as obrigacións legais por parte da empresa municipal (art. 6.1. c) do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE). Os datos poderán ser comunicados a outras entidades públicas en cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e tributaria e a calquera outra entidade no caso de que exista obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos de carácter persoal.

TERCEIRA.– Requisitos das persoas aspirantes.

1. Con carácter xeral, para ser admitido/a na realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de *Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística* ou equivalentes, *Grao / Diploma en Turismo* ou equivalentes, ou calquera outra titulación universitaria complementada con un mestrado ou posgraduado en estudos turísticos.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, debendo posuír a aptitude psicofísica precisa e a compatibilidade da súa capacidade ou discapacidade para o normal desempeño das funcións e tarefas do posto de traballo, con independencia das adaptacións no posto de traballo que, a teor da vixente normativa de prevención de riscos laborais resulte necesario levar a cabo para garantir a protección das persoas fronte aos riscos derivados do traballo.

e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial por resolución xudicial para empregos ou cargos públicos ou para o exercicio de calquera función propia do corpo, agrupación profesional ou escala obxecto da convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica. Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación.

g) Acreditación do coñecemento do galego mediante a posesión do CELGA 4 ou título equivalente.

h) Acreditación do coñecemento da lingua inglesa nun nivel mínimo de Intermedio B2.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

CUARTA.– Solicitudes e prazo de presentación de instancias.

1. As persoas que desexen formar parte da Convocatoria deberán facelo constar mediante a presentación da instancia recollida no Anexo I, nas oficinas de INCOLSA, situada na Rúa do Vilar, núm. 63, CP-15705 de Santiago de Compostela, con horario de apertura de luns a venres, de 9.00 a 13.00 horas, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de presentación ante unha oficina de Correos deberase remitir, con anterioridade a que finalice o prazo de presentación de instancias, copia do resguardo que xustifique ter efectuado

debidamente o envío á seguinte dirección de correo electrónico contratacion@santiagoturismo.com.

2. O prazo para presentar as solicitudes de participación será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

3. As persoas interesadas deberán acompañar, en todo caso, á solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

b) Solicitude de participación (Anexo I) cumprimentada e asinada polo/a interesado/a.

c) Declaración xurada (Anexo II) de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial por resolución xudicial para empregos ou cargos públicos ou para o exercicio de calquera función propia do corpo, agrupación profesional ou escala obxecto da convocatoria. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Copia da titulación académica requirida. Cando aínda non se posúa fisicamente a mesma, poderase presentar documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do título.

e) Documentación acreditativa da posesión do CELGA 4 ou validación ao mesmo nivel. Exceptúase da obriga de aportar a documentación referenciada a quen xa teña acreditado en INCOLSA o coñecemento do galego por ter superado un procedemento de selección convocado con posterioridade ao ano 2016 para a cobertura de postos con desenvolvemento de idénticas funcións na empresa municipal no que este idioma fora requisito de acceso.

f) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua inglesa nun nivel mínimo de Intermedio B2. A documentación acreditativa para xustificar o nivel do idioma realizarase mediante a aportación do Certificado expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou por outro organismo oficial recoñecido. Para as correspondentes equivalencias estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos. Exceptúase da obriga de aportar a documentación referenciada a quen xa teña acreditado en INCOLSA o coñecemento do inglés mediante proba fidedigna por ter superado un procedemento de selección na empresa municipal con posterioridade ao ano 2016 e convocado para a cobertura de postos con desenvolvemento de idénticas funcións.

g) Documentación acreditativa de todos os méritos alegados.

h) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da

Administración Pública correspondente. Para ser admitido no procedemento selectivo, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

4. Soamente se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.
5. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente.
6. A documentación a presentar deberá ser orixinal ou autenticada. O cotexo da documentación poderá realizarse nas oficinas de INCOLSA no momento da presentación da mesma.
7. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.– Admisión de persoas aspirantes.

1. Finalizado o prazo de presentación de instancias previsto na base cuarta, publicarase a Resolución a través do portal en rede <http://www.santiagoturismo.com/emprego>, contendo a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
2. Co obxecto de emendar as causas que motivasen a súa exclusión ou omisión das citadas listas, as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo improrrogable de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución anteriormente referenciada, para que presenten as alegacións oportunas xunto coa documentación que ao seu dereito conveña. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, procederase á publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.
3. De non existir reclamacións no prazo indicado, procederase a elevar a definitiva a relación publicada como provisional.

SEXTA.– Tribunal Cualificador.

1. O desenvolvemento e a cualificación do proceso selectivo correspóndelle ao Tribunal de Avaliación nomeado para ese efecto.
2. O Tribunal de Avaliación estará integrado pola Directora-Xerente de INCOLSA, en calidade de Presidenta do Tribunal, e dous vogais que serán o Técnico Coordinador de Oficinas e a Técnica do SCCB. En caso de causa sobrevida que impida a algún dos vogais participar nalgunha das sesións, o Tribunal designará, entre os técnicos da sociedade, á persoa que o substitúa.

Actuará como secretario o Secretario do Consello de Administración ou persoa en quen delegue, con voz pero sen voto. Ao mencionado Tribunal poderán incorporarse os técnicos que este considere en calidade de asesores.

Será membro observador do Tribunal, con dereito de voz, pero sen voto, a representación sindical de Información e Comunicación Local S.A.
3. O Tribunal de Avaliación elaborará unha lista que será a que rexa nas futuras contratacións de Información e Comunicación Local S.A., correspondentes co obxecto das presentes bases. A lista terá unha vixencia mínima de cinco anos, podendo o Consello de Administración acordar a prórroga da súa vixencia ou a súa renovación

cando o número de persoas na mesma non permitan realizar as contratacións que sexan precisas para a cobertura do servizo.

4. As persoas que integran o Tribunal deberán absterse de intervir cando conorra nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

SÉTIMA.- Proceso selectivo.

1. O sistema selectivo será o concurso e consistirá na valoración por parte do Tribunal de Avaliación dos méritos que acrediten as persoas aspirantes, referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes da presente convocatoria, de acordo co baremo que se recolle nestas Bases.

2. Os méritos a valorar serán os alegados e acreditados documentalmente polas persoas aspirantes durante o prazo de presentación de instancias, sen que poidan tomarse en consideración os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo.

3. Non se valorarán os méritos que non foran debidamente acreditados.

4. En caso de producirse un empate nas puntuacións obtidas trala aplicación do Baremo de méritos, resolverase a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación no apartado relativo á experiencia profesional.

OITAVA.- Desenvolvemento do concurso.

1. A valoración do concurso ten unha puntuación máxima de 100 puntos e consistirá na valoración por parte do Tribunal Cualificador dos méritos que acrediten as persoas aspirantes, segundo o seguinte baremo:

A. Experiencia profesional (máximo 50 puntos). Valorarase a experiencia adquirida dentro da área profesional realizando tarefas directamente relacionadas co posto obxecto desta bases, coas seguintes puntuacións:

I. Por servizos prestados en postos con idénticas funcións en Oficinas de Información Turística de titularidade pública municipal na cidade de Santiago de Compostela: 0,5 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.

II. Por servizos prestados en postos con idénticas funcións noutras Oficinas de Información Turística de titularidade pública: 0,3 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.

III. Por servizos prestados no eido privado, 0,1 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción, realizando tarefas de:

- Guía, información, promoción, consultoría e comercialización turística e/ou viaxes.
- Asistencia e/ou organización de eventos.
- Asistencia en medios e terminais de transporte.
- Información, recepción e comercialización de aloxamentos turísticos.

Os méritos relativos á experiencia laboral deberán acreditarse mediante un Informe de Vida Laboral expedido pola Entidade Xestora da Seguridade Social onde consten os períodos traballados e os grupos de cotización, xunto cos contratos de traballo e/ou certificacións dos servizos prestados subscritas polo órgano competente nas que

consten, posto de traballo desempeñado, datas de prestación de servizos e categorías profesionais no caso de que non se presente o contrato de traballo.

Aos efectos da valoración da experiencia laboral acreditada, enténdese por un mes cada período de 30 días acreditado. Os períodos a valorar que non superen o mes (30 días), serán valorados de forma rateada.

B. Idiomas (máximo 40 puntos).

I. Coñecemento do **inglés** nun nivel **avanzado**.

Nivel	Puntuación
C1	15
C2	20

II. Coñecemento do idioma **alemán e/ou francés**.

Nivel	Puntuación
B1	5
B2	10
C1	15
C2	20

III. Coñecemento doutros idiomas:

Nivel	Puntuación
B1	2,5
B2	5
C1	7,5
C2	10

A documentación acreditativa para xustificar o nivel do idioma realizarase mediante a aportación do Certificado expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou por outro organismo oficial recoñecido. Para as correspondentes equivalencias estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos.

C. Formación (máximo 10 puntos). Neste apartado valoraranse a posesión de titulacións académicas distintas da esixida como requisito específico de acceso. No caso de que un mesmo mérito de formación se poña de manifesto en distintos títulos ou certificados de idéntico ou similar contido, o devandito mérito valorarase por unha soa vez, no apartado no que obteña maior puntuación.

- I. Graos universitarios que estean directamente relacionados coas funcións do posto de traballo a desempeñar: 4 puntos
- II. Posgraduados Universitarios ou Mestrados Universitarios Oficiais, impartidos por entidades públicas ou entidades de interese público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións do posto de traballo a desempeñar: 3 puntos
- III. Titulacións de Técnico Superior relacionados directamente coas funcións do posto de traballo a desempeñar: 2 puntos
- IV. Habilitación como Guía Oficial de Turismo de Galicia: 1 punto

2. Finalizada a baremación dos méritos por parte do Tribunal, faranse públicas a través do portal en rede <http://www.santiagoturismo.com/emprego> as puntuacións provisionais outorgadas ás persoas aspirantes. Estas disporán dun prazo improrrogable de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución, para que presenten as reclamacións que estimen oportunas.

3. Unha vez que o Tribunal faga públicas as puntuacións definitivas, especificará a relación de persoas que se proporán para a súa inclusión nas listas previas.

4. A orde de prelación das persoas aspirantes realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos alegados.

NOVENA.- Recursos.

Contra as presentes bases poderase presentar reclamación perante o órgano que as aproba, o Consello de Administración de INCOLSA, no prazo de 1 mes a partir do día seguinte á súa publicación no BOP, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente. A xurisdición social é a competente para resolver os conflitos derivados dos actos preparatorios para o acceso de persoal laboral ao sector público e para resolver as controversias derivadas do contrato de traballo.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

D./D^a

DNI _____

Enderezo a efectos de notificacións en:

Teléfono _____

Correo electrónico _____

EXPÓN:

I.- Que desexo participar na convocatoria para elaboración de listas previas para a contratación temporal de informadores/as de turismo realizada pola empresa pública municipal Información e Comunicación Local, S.A. cuxas Bases coñezo e acepto na súa integridade, polo que solicito ser admitido/a no proceso selectivo.

II.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas Bases de selección referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia e me comprometo a xustificalos documentalmente cando sexa requirido/a para iso.

III.- Que mediante o presente escrito achego a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento equivalente que acredite a súa identidade.
- Declaración xurada (Anexo II) de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin estar en inhabilitación absoluta ou especial por resolución xudicial.
- Copia da titulación académica requirida.
- No seu caso, documentación acreditativa da posesión do CELGA 4 ou validación ao mesmo nivel.
- No seu caso, documentación acreditativa do coñecemento da lingua inglesa nun nivel mínimo de Intermedio B2.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados dentro dos sinalados nestas Bases.
- As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración Pública correspondente.

SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido xunto coa documentación que se achega.

En _____, a _____ de _____ de 2024
(sinatura)

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a

DNI _____

Enderezo a efectos de notificacións en:

Teléfono _____

Correo electrónico _____

DECLARO:

I.- Cumprir con todos os requisitos de admisión ao procedemento selectivo establecidos na Base Terceira.

II.- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial por resolución xudicial para empregos ou cargos públicos ou para o exercicio de calquera función propia do corpo, agrupación profesional ou escala obxecto da convocatoria.

No caso de ser nacional doutro estado, declaro non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego público.

III.- Que son coñecedor/a de que, en caso de falsidade desta declaración responsable ou falta de presentación da documentación que se esixa para verificar as circunstancias declaradas, serei excluído/a do proceso selectivo por incumprimento dos requisitos de admisión, sen prexuízo doutras responsabilidades penais ou administrativas nas que puidese incurrir.

En _____, a _____ de _____ de 2024

(sinatura)

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS CHAMAMENTOS DAS PERSOAS ASPIRANTES RELACIONADAS NAS LISTAS PREVIAS DE CONTRATACIÓN

– Os chamamentos realizaranse por escrito ou por calquera outro medio que, procurando a maior axilidade, permita deixar constancia da debida notificación á persoa interesada.

Para a comunicación utilizarase preferentemente a dirección de correo electrónico ou, no seu defecto, a dirección do domicilio particular remitíndolle carta certificada. Os datos que figuran no Anexo I de Solicitud de instancia do proceso selectivo consideraranse válidos aos efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade da persoa interesada o erro na súa consignación, debendo comunicar calquera variación dos mesmos.

– Os chamamentos efectuaranse cunha antelación adecuada á data na que deba producirse a incorporación no posto de traballo e contarán con todas as indicacións precisas sobre as condicións nas que se producirá a incorporación na empresa pública.

– A orde de prelación obtida no procedemento selectivo determinará a orde na que se realizarán os chamamentos, que se farán seguindo unha orde decrecente segundo a puntuación alcanzada polas persoas aspirantes.

– Os contratos dos traballos temporais deberán concertarse por escrito, figurando no mesmo unha indicación orientadora da xornada laboral, unha referencia aproximada da súa distribución horaria, así como o período de actividade.